

TEMA 22. A evolución da sociedade no século XIX (con especial atención á situación da muller)

Sempre tendo en conta a información subministrada polos documentos, o alumnado terá que explicar **como as transformacións da economía conduciron ao xurdimento dunha nova estrutura social** onde a burguesía e o proletariado se converten nas dúas clases fundamentais fronte aos grupos sociais tradicionais. Ademais, deberá referirse ás **condicións de vida das clases traballadoras** (nas cidades, sometidas as longas xornadas de traballo e baixos salarios) **e no campo** (malvivindo dos seus escasos recursos ou sometidos á vontade dos grandes propietarios). Con respecto á situación das mulleres, sería preciso que incidise na **loita polos seus dereitos: discriminación laboral, salarial e política (movemento sufraxista)**.

INTRODUCCIÓN

Durante a **primeira metade do s.XIX** producíronse importantes **cambios** na estrutura e organización da **sociedade española**, de acordo cos principios do **liberalismo** (que suprimira as trabas legais e xurídicas do **Antigo Réxime**). Os máis importantes foron a **desaparición da sociedade estamental e a súa substitución pola sociedade de clases** (unha sociedade máis fluida e de maior **mobilidade** entre grupos), o crecemento da **burguesía**, a formación do **proletariado obreiro**.

Fronte á **sociedade estática e inmovilista do Antigo Réxime**, na nova sociedade de clases, a **meritocracia** (o éxito os negocios, os progresos na carreira militar, a formación académica ou técnica), posibilitarían o ascenso dos individuos nunha sociedade que valoraba máis o **mérito persoal** cá linaxe.

Na España do s.XIX foron numerosos os exemplos de personaxes que, desde un berce humilde, lograron alcanzar as máximas cotas de estima social (como **Espartero**, fillo dun fabricante de carros, ou **José de Salamanca**, fillo dun médico). De todas estas modificacións saíu especialmente favorecida a **burguesía**, que logrou a eliminación dos obstáculos que se opoñían ó seu enriquecemento e ó seu acceso ó poder político.

OS GRUPOS TRADICIONAIS

Os **grupos tradicionais** da sociedade do Antigo Réxime (a **nobreza**, o **clero** e o **campesiñado**), evolucionaron de modo diferente ante as transformacións provocadas pola revolución liberal e a formación da sociedade de clases.

A **nobreza (Documento1)**, aínda que **perdeu os seus privilexios e prerrogativas estamentais** (xudiciais, fiscais e honoríficas), conservou e incrementou o seu **patrimonio económico** e mantivo unha grande **influencia social e económica**. A **aristocracia** pasou a formar parte da cúspide social xunto á **burguesía**, conformando os dous grupos a categoría das **clases altas**. Neste sentido, moitos nobres adaptáronse aos novos tempos “**aburguesándose**” (imitando o seu estilo de vida e aliándose cos burgueses), ao tempo que a burguesía «ennobreceuse» (concesión de novos títulos e matrimonios coa

vella nobreza). **Amalia de Llano, Condessa de Vilches (Documento 1)** é un bo exemplo deste fenómeno, xa que procedía dunha familia da burguesía industrial, e o seu marido foi ennobrecido pola raíña Sabela II.

En **Galicia**, a fidalguía mantivo o poder social e político sobre os campesiños e, en moitas ocasións, desenvolveu actitudes tradicionalistas (participación nas partidas carlistas) e conservadoras (caciquismo político). A súa base económica era a percepción de rendas agrícolas, polo que a crise agraria e a perda de valor das rendas forais fixo que a súa posición social fose diminuindo a medida que avanzaba o século XIX.

Con respecto ao **clero**, a **Igrexa española** saiu **fortemente perxudicada** co triunfo do liberalismo, perdendo os seus **privilexios, a súa riqueza e a súa influencia política** (desamortizacións, exclaustacións, chegada de novas ideoloxías...), reducíndose notablemente os seus efectivos, adaptándose unha minoría os cambios, mentres que a maioría simpatizou con **opcións ultraconservadoras** como o carlismo e o tradicionalismo. En todo caso, o **peso do catolicismo** mantívose en múltiples aspectos (**confesionalidade** do Estado, gran peso no sistema **educativo**, influencia na **moral e costumes**, etc). En liñas xerais, os gobernos progresistas limitaron o poder do clero, mentres que os moderados e conservadores apoiaron e favoreceron á **Igrexa**. Aínda que minoritaria, existiu unha corrente radical anticlerical que deu lugar a numerosos actos, manifestacións e mitins de protesta.

En canto ao outro grupo tradicional da sociedade, o **campesiñado**, este seguía sendo o grupo máis numeroso da poboación nun país escasamente industrializado, presentando grandes diferenzas entre os máis pobres ou **xornaleiros**, e os **proprietarios** en diferentes graos (dende os minifundistas, pasando pola mediana propiedade e cunha minoría de grandes terratenentes ou latifundistas). A diferenza dos países fortemente industrializados europeos, reduciu escasamente os seus efectivos ao longo do século XIX. En 1930, aínda o 40% da poboación española era agraria. En liñas xerais, os campesiños pobres sufriron as consecuencias negativas das medidas de transformación do réxime da propiedade realizadas polos liberais, especialmente a desamortización dos bens de propios e comúns (quedaron sen pastos para o seu escaso gando e sen poder cultivar as parcelas que se repartían entre os veciños). En canto á situación do campesiñado, xeograficamente diferéncianse dúas áreas: o norte e o sur; Andalucía e Galicia serven para exemplificar estas dúas situacións.

OS NOVOS GRUPOS SOCIAIS

Por outra banda, xunto aos grupos tradicionais, tamén xurdiron na España liberal outros **grupos novos**, a **burguesía** e o **proletariado**. Estes grupos adquiriron **trazos novos e antagónicos** na nova sociedade de clases.

A **burguesía** (**Documento 2**) estaba integrada por **comerciantes, industriais, financeiros, funcionarios, militares, profesionais liberais, propietarios e arrendatarios de bens inmobiliarios**, etc. Dentro da burguesía diferenciábanse varios grupos, como a **alta burguesía** (formada por financeiros, industriais e comerciantes, que manexaban grandes fortunas e controlaban o poder político, constituíndo as oligarquías do país, eu que vivían basicamente nos centros económicos como Madrid, Bilbao ou Barcelona), e as chamadas **clases medias**, ou **pequena e mediana burguesía** (compostas por pequenos propietarios de talleres, rendistas, tendeiros, profesionais liberais como avogados ou médicos, e os asalariados non manuais, como funcionarios ou mestres). Estas **clases medias** foron favorables en liñas xerais á introducción de reformas que permitisen un maior desenvolvemento económico, preto de posicións progresistas e democráticas.

A **burguesía** constituiu o **grupo ascendente** da sociedade. Tanto a **revolución liberal** como o desenvolvemento da **industrialización** e do capitalismo contribuíron a que se fixeran co **control do poder político e económico**, como no resto de Europa. Os seus **valores, hábitos e ideais** conformaron a chamada **sociedade burguesa** no s.XIX. Sen embargo, en España, o **escaso desenvolvemento económico e industrial**, fixo que os seus efectivos fosen relativamente **escasos** e que mantivese unha mentalidade **pouco emprendedora** e favorable ó **ennobrecemento**, concedendo a **Coroa** durante ese período abundantes **títulos nobiliarios** a militares, políticos, industriais e financeiros, que eran premiados con marquesados, condados ou ducados, sendo un exemplo moi coñecido o caso de **José de Salamanca (Documento 2)**, quen chegou a ser a maior fortuna da España do seu momento grazas aos seus negocios relacionados coa banca, o ferrocarril, a bolsa ou os investimentos inmobiliarios, sendo **ennobrecido** por **Sabela II** na década de 1860.

En canto ao **proletariado**, este novo grupo social desenvolveuse paralelamente á **industrialización** e ó capitalismo. Ó longo do s.XIX aumentou lentamente o número de **obreiros** en España, manténdose un elevado número de traballadores artesanais, de tal maneira que o incremento proletario non se apreciou ata o s.XX. Procedentes do campo e tamén dos talleres artesáns arruinados pola competencia das máquinas, os obreiros industriais tiveron que vivir nunhas **duras condicións de vida**, con xornadas

extenuantes, salarios ínfimos, traballo infantil e das mulleres, elevada mortalidade, pésimas vivendas, polo que desenvolveu unha forte **acción reivindicativa** e de loita para ir logrando melloras salariais e laborais.

Finalmente, debemos referirnos ás **mulleres (Documento 3)**, xa que a nova sociedade de clases non mellorou a condición daquelas, xa que seguiron **discriminadas** dende o punto de vista **social** (sometemento ao home), **xurídico** (recoñecemento legal dunha condición inferior ao varón), **político** (non podían exercer o dereito ao sufraxio) e **laboral** (percibían menor salario polo mesmo traballo có home). Neste sentido, na España liberal estaba fortemente arraigada a idea de que a muller era un «**ser inferior**, polo que tiña que estar **sometida ao home**» (pai, esposo ou outro familiar varón). A subordinación do chamado «sexo feble» era xustificada pola súa **suposta inferioridade xenética** (a función reprodutora convertía á muller nun ser pasivo, inferior, incompleto e complementario do home, tal como dá a entender o artigo de **La Vanguardia**).

Os aspectos concretos desta **discriminación** feminina referíanse á súa **discriminación xurídica** (a lexislación liberal sometía ás féminas ao home para calquera tipo de acción legal ou comercial, a pesar das críticas en contra de pensadoras galegas como **Concepción Arenal** ou **Emilia Pardo Bazán**); á **discriminación política** (non tiñan recoñecido o dereito ao **voto**, organizándose nas primeiras décadas do século XX ao igual que no resto do mundo occidental o chamado **movemento sufraxista**, ata que coa chegada da **II República en 1931** puideron presentarse ás eleccións e exercer o seu dereito ao voto); e a **discriminación laboral e salarial** (percibían entre un 30 e un 60% no seu salario con respecto ao homes, as xornadas eran moito máis longas e tiñan que ocuparse, ademais, das tarefas domésticas). Dende finais do século XIX e no primeiro terzo do XX, foron moitas as iniciativas das mulleres para asociarse e conseguir avances e melloras en todos os ámbitos onde estaban discriminadas, un longo e difícil camiño que non culminaría ata o último cuarto do século XX coa instauración da **España democrática**.